

O ENSINO NO TEMPO DAS IRMANDADES

A “escola galega” como proxecto

Antón Costa Rico

Universidade de Santiago

De Nova Escola Galega

No tempo dos anos vinte

A sociedade galega de comezos dos anos vinte é aínda un espazo afirmado no modelo das sociedades tradicionais e rurais europeas. Pero é xa tamén unha sociedade en proceso de cambio, con dinámicas e tensións conflitivas no seu seo. A profunda ruralización do espazo, que tradicionalmente viña coexistindo cos limitados e reticulados espazos urbanos, agora estaba a ser remodelada mediante a aparición de espazos mixtos, por mor tanto do incipiente crecemento urbano, como dos gromos de industrialización e pola aparición na paisaxe de edificacións para uso residencial que se distinguían da casa labrega tradicional, mostrando, pola contra, unha fasquía urbana a miúdo novedosa.

O desenvolvemento escolar era, polo xeral, modesto ou malo, tanto que consideremos a educación primaria, como a secundaria ou a universitaria e a profesional; peor en canto a oportunidades para o potencial alumnado rural e os fillos dos sectores populares, en particular caso de tratarse do sexo feminino. Con todo, desde que alborea o século XX falamos de máis de 2000 profesores de ensino primario en toda Galicia, como mostra do certo peso que a tal hora ten o oficio docente. Na altura de 1923 o ritmo deste desenvolvemento comezaba a ser similar ao do conxunto español, malia que nunha situación cualitativa máis precaria¹.

Neste sentido, escribía en 1932 o inspector lucense e radical-socialista Soto Menor: “a nosa provincia, desde 1918 ata hoxe, figura no primeiro posto entre as que máis escolas crearon, pasando das algo máis de 400 que entón tiña as máis de 1200 que agora funcionan. E este é o primeiro paso para a redención sobre todo da aldea; escolas, moitas escolas, rexidas por mestres capaces, celosos e activos; escolas con locais acondicionados, suxestivos e amenos”,

¹ Témololo, así, afirmado coa pertinente apoxatura estatística en COSTA RICO, A. (1989): *Escolas e Mestres. A educación en Galicia. Da Restauración á IIª República*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela; COSTA RICO, A. (2004) “Os anos vinte do século XX: a afirmación do modelo escolar”, en LÓPEZ GARCÍA, X. (Ed.), *O xornal Galicia (1922-1926)*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, pp. 59-70, e COSTA RICO, A. (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo: Xerais.

trasladando un optimismo que, porén, se vía contradito pola realidade mesmo miserable de moitas de tales escolas, segundo a radiografía trazada polo xornalista e político Luis Bello na súa *Viaje por las escuelas de Galicia*² dos anos 1928 e 1929.

O certo é que ao longo dos anos vinte, con intensificación nos anos da Ditadura de Primo de Rivera dentro dun programa de “nacionalización cultural e ideolóxica española”³, se rexistra un aumento continuo nas escolas creadas, dando acollida á crecente demanda que os signos de cambio traen á sociedade galega, co conseguente aumento no número de profesores e de profesoras, que incorporan alguna mellor formación como consecuencia dos novo plan de estudo das Escolas de Maxisterio de 1914 e unha autoimaxe máis favorable en tanto que profesionais e funcionarios públicos, á espera da consolidación do seu estatuto coa chegada da II República e coas medidas emprendidas polo ministro Marcelino Domingo. Así, o mundo escolar aumentará a súa capacidade de conformación da propia sociedade galega. E por iso tamén as cuestións educativas ocuparán un maior protagonismo nos medios de comunicación escritos.

Neste contexto aumenta a demanda social de alfabetización e de escolarización e a escolarización comeza a diversificarse. As escolas e os mestres irán a máis ao longo dos anos vinte por efecto tanto da creación de escolas públicas (o que en poucas ocasións significa a dotación dun edificio escolar), como pola acción continuada de apertura e construción de escolas que viñan desenvolvendo as “Sociedades de Instrucción” dos emigrantes galegos en América, e aínda por mor da apertura de centros de titularidade privada (colexios e academias).

Diversas iniciativas falan da progresiva modernización pedagóxica e dunha crecente crítica a un estado de cousas que se quere revisar. Ao seu favor militan unha parte da prensa profesional docente existente, unha parte da súa organización societaria, varios encontros pedagóxicos, como os masivos celebrados na Coruña en 1923, coa figura sobranceira xa

² Bello, L. (2010), *Viaje por las escuelas de Galicia*. Edición de Antón Costa Rico. Vigo: Nigratrea.

³ Coa Ditadura de Primo de Rivera aumentará a política centralista; unha Real Orde de 1925 dicía a este respecto: “2º. Los inspectores de primera enseñanza en las visitas que realicen examinarán los libros de texto en las escuelas y si no estuviesen escritos en español o contuviesen doctrinas de tendencia contrarias a la unidad de la Patria, o contra las bases que constituyen el fundamento del régimen social, los harán retirar inmediatamente de las manos de los niños y procederán a formar expediente”. RO de 13.X.1925, *Colección Legislativa del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*, pp. 569-571.

daquela de María Barbeito⁴, ou o de Lugo de 1926⁵ e diversas actividades e extensión cultural.

Como dixemos arriba, non podemos esquecer que o Estado e os sectores aristocrático-burgueses, que arestora o controlaban, estaban, pola súa parte, interesados nunha importante operación de modernización e de españolización: a construción dunha identidade política nacional española viña sendo un empeño que os gobernos do Xeneral Primo de Rivera intensificaron⁶, conxugándose as necesidades políticas, coas económicas e aínda, nalgunha medida, coas demandas sociais.

O galeguismo nacionalista das Irmandades

Un escenario, pois, de conflitos e de aspiracións. Por razóns históricas, sociais e políticas varias, nas que agora non podemos detérmonos, sabemos que na sociedade galega había diversos sectores sociais demandantes dunha consideración política, económica e cultural distinta de Galicia da que ofrecía a crecente “españolización”. A tensión existente desde o tempo do Provincialismo, pasando polo Rexurdimento e as manifestacións federais da primeira República española, foi logo manifestándose a través da Liga Gallega, de Solidaridad Gallega, das Asembleas agrarias de Monforte, e da constitución das Irmandades da Fala, que promoven o semanario *A Nosa Terra*, como órgano da “Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d’América e Portugal”.

Un agrupamento e articulación que se fortalecerá a través das Asembleas Nazionalistas, celebradas en Lugo, Monforte, Vigo e A Coruña, nos anos 1918, 1919, 1921 e 1922, e tamén por medio do “1º Congreso de Economía de Galicia”, celebrado en 1925. A súa beira exprésanse diversas iniciativas: a revista *Estudios Gallegos* con Aurelio Ribalta e Rodrigo Sanz desde Madrid; as editoriais Céltega (1921), Lar⁷ (1924) e Nós⁸(1927), co impulso de xentes como Leandro Carré, Lugrís Freire e Ánxel Casal; a revista *Nós* co grupo de Ourense que hoxe coñecemos como a Xeración Nós; a creación de coros musicais e a reivindicación do folclore galego; diversas publicacións periódicas fundadas en América, como *Terra*, *Céltega* ou *El Despertar Gallego*, unha parte delas sostidas polas Sociedades galegas de Instrución; a posta en marcha dun teatro en galego, co notable impulso de Leandro Carré Alvarellos⁹, e desde o ano 1923 o

⁴ Romero Masiá, A. (2014): *María Barbeito. Unha vida ao servizo da escola e dos escolares (1880-1970)*. A Coruña: Baía Edicións.

⁵ Unha información polo miúdo destes encontros pode observarse en Costa Rico, A. (1989): *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á IIª República*, op. cit., pp. 239-272.

⁶ Moreno Luzón, J. (Ed.), *Construir España. Nacionalismo español y procesos de nacionalización*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2007; Quiroga Fernández de Soto, A. (Dir.), *Haciendo españoles. La nacionalización de las masas en la Dictadura de Primo de Rivera (1923-1930)*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2008.

⁷ Mato, A. (Coord.) (2007): *Ánxel Casal, un editor para un país*. Santiago: Consello da Cultura Galega.

⁸ Freire Lestón, X. V. (1997): *A actividade editorial en Galicia (1850-1936). Apuntamentos para unha historia do libro galego*. Vigo: Edicións do Cumio.

⁹ Maceira Fernández, X. M. (2014): *Leandro Carré: un século de cultura e compromiso*. Santiago: Alvarellos.

Seminario de Estudos Galegos; a existencia da Irmandade Nazonalista Galega dirixida por Vicente Risco; as organizacións do agrarismo ou a celebración en 1919 na Coruña do “Primer Congreso de Estudios Gallegos”. Desta forma poderemos ver que o galeguismo como formulación xenérica e transversal presenta múltiples puntos de contacto co carlismo, co federalismo pimargalliano, co liberalismo, co republicanismo e co agrarismo.

Antón Villar Ponte e os demais membros iniciadores das Irmandades eran conscientes da magnitude das tarefas a desenvolver, por parte de reducidos núcleos de acción. Como escribiu Xavier Castro:

“O movemento e afirmación da diferencialidade galega foi sempre patrimonio dun reducido sector social de ubicación urbana, composto principalmente por intelectuais e profesionais...Pero ningún nacionalismo pode triunfar sen o apoio maioritario dun país ou nación no que se encarna. Urxidos por esta necesidade tentan galeguizar ós seus concidadáns para que tomen conciencia da súa identidade colectiva...”¹⁰

Contra a desgaleguización escolar

A falta de conexión co entorno cultural e lingüístico foi o eixe central das críticas dos diferencialistas verbo das escolas existentes, tachadas moi a miúdo de “escolas antigalegas” entre outros por quen coma Eloy Luís André, vinculado ás Irmandades e ao galeguismo, tiña un alto coñecemento dos sistemas escolares de Alemaña, Francia e Inglaterra, ademais de marcadas influencias, como outros intelectuais, do historicismo idealista alemán.

Pola súa parte, Vicente Risco tamén falaba dunha educación despersonalizadora e antigalega¹¹: “O pobo que adquire a cultura en lingua allea non poderá pasar endexamais de ser un pobo colonizado, que co medio natural de expresión terá perdido toda a súa orixinalidade”¹².

“O pobo galego necesita unha educación que erga o seu espírito, que non lle faga avergoñarse da súa orixe, que lle dea conciencia plena dos seus dereitos e dos seus deberes colectivos; todo galego ten dereito a coñecer o seu país, a súa historia, a súa tradición, o seu idioma: o estudo do pasado e do presente de Galiza e o seu territorio, da súa xeografía, da súa historia, da súa literatura, da súa economía, das súas manifestacións espirituais e materiais debe ser estimulado e auxiliado”¹³.

Unha despersonalización que afectaba ao ensino público, do Estado, ao ensino privado, unha boa porción del baixo control católico, pero tamén aos centros escolares impulsados polos emigrantes galegos en América, o que neste caso se observou con maior crueza mesmo. Tense exposto noutros lugares a importancia sociolóxica acadada por esta creación escolar¹⁴. A propósito disto escribía Mercedes Vieito desde La Habana sobre este labor cualificándoo

¹⁰ Castro, X. (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*. Ourense: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, T.I, p. 29.

¹¹ Risco, V. (1976): *O problema político de Galiza*. Vigo: Sept (orix. de 1930 en castelán), p. 33.

¹² *Ibid.* p. 93.

¹³ *Ibid.*, p. 31.

¹⁴ Existen numerosas achegas de investigación actualmente sobre a presente cuestión, salientando, sen dúbida, os espléndidos traballos de Peña Saavedra, Nuñez Seixas, Magariños, Malheiro Gutiérrez ou de Pilar Cagiao. Nós mesmos tamén temos realizado varias achegas.

como “labor de patriotismo”: “Descuidada por los poderes públicos la enseñanza en la población rural de Galicia, ante ello unióronse los emigrados (para) la misión heroica de dotar de escuelas los lugares que de ella necesitaren”¹⁵.

Porén, arredor delas suscítase un debate dalgún visible alcance: que clase de escolas deberían ser?; escolas para ‘armar’ aos futuros emigrantes en canto que tales¹⁶, ou escolas para atender ás necesidades culturais específicas de Galicia e para pensar unha educación galega?

“¿Cuántas escuelas hay en Galicia de verdad GALLEGAS? –preguntábase Vidal de la Roca en 1923¹⁷ con antelación ás reclamacións continuas feitas desde a Sociedade Nazionalista Pondal e desde *A Fouce*¹⁸–. Frente a la escuela CASTELLANA (*sic*) levantad la escuela GALLEGA, que sea templo del Ideal y relicario de amor a vuestra patria, a la patria verdadera de los gallegos”.

Esta crítica valoración era compartida por Vicente Risco aínda en 1930: “moitas das escolas por eles (refírese aos emigrantes) sostidas son escolas preparatorias para a emigración. En certo sentido, aínda nesta función, viñeron a encher un valeiro, a socorrer a unha necesidade, ...pero (non deberían ser) fábricas de emigrantes. Esas escolas onde os meniños adeprenden amplíamente xeografía e historia de América –sen ocuparse da de Galicia–¹⁹

Diversos núcleos emigrantes, xustamente aqueles vencellados ao *idearium* das Irmandades da Fala, apostarán nas escolas que sosteñen, unha reducida parte do total, por programas de formación con contidos relativos á xeografía, historia e lingua e literatura de Galicia, que ademais tomasen en consideración a nosa realidade rural e agrícola. Alonso Ríos, cabezaleiro desta vertente e ensinante, escribirá neste sentido desde América:

“Hai que levar ao pobo galego un xermolo de vida cidadá, que arraigue na mente e no corazón da infancia! ¡É indispensable orienta-la nenez con métodos prácticos cara ó cultivo científico da terra, e encamiñala cara unha intelixente produción e explotación da riqueza gandeira!.. E en todo isto, a Escola Moderna está chamada a desempeñar un papel fundamental²⁰.

Formulando un proxecto diferencial: Johán Vicente Viqueira, e outras voces

Entre o tempo inicial das Irmandades e a chegada da República, asistimos a un período de certa mobilización social e de ideas (a pesar da Ditadura primorriverista), no que se expresan,

¹⁵ “Vieito de López, M. (1918): “De Pila Ancha”, *Eco de Galicia*, nº 71, 17.XI.

¹⁶ “Antes que formar emigrantes hay que formar ciudadanos gallegos” dise en *Arazua* (Montevideo), nº 2, de outubro de 1930, p. 2.

¹⁷ Vidal de la Roca, S. (1923): “Una obligación del Nacionalismo Gallego”, *El Eco de Galicia* (La Habana), nº 182, 7.I.

¹⁸ *A Fouce*, como publicación do nacionalismo galego en Bos Aires sostivo entre 1926 e 1936 unha constante reclamación a prol dun sistema educativo galego, con plena normalización lingüística.

¹⁹ Risco, V., *O problema político de Galicia*, op. cit., p. 62.

²⁰ Alonso Ríos, A. (1927): en *El Despertar Gallego*, Bos Aires, 9.X. Recollido por Malheiro Gutiérrez.

alén das forzas partidarias turnistas, os republicanos, os liberais reformistas e o movemento obreiro, ademais dos galeguistas, unha parte deles desde a morneza rexionalista, e outra, a das Irmandades, desde as estreadas formulacións nacionalistas. Así, vai dar inicio a elaboración do seu ideario educativo; un ideario con marcas declaradas a prol de definir un sistema educativo galego, deseñado e dirixido desde institucións de goberno político propias de Galicia, aberto ao conxunto da cidadanía, como un factor fundamental de desenvolvemento cultural e socio-económico. Aínda que era este un ideario non exento de limitacións e silenzos, en parte debido ao confeso interclasismo da filosofía política do galeguismo²¹.

A cultura galega debía formar parte, xunto coa lingua, da escola galega, a “nosa escola”. Este foi o anxeio perseguido e, ás veces tamén, parcialmente construído na práctica, tal como tivemos ocasión de reflectir en *Escolas e Mestres*²² e, como se pode percibir en textos escritos por Narciso de Gabriel²³ e por Sabela Rivas Barros²⁴. Se ben, é mester sinalar que estamos ante reivindicacións e propostas expresadas mediante textos xornalísticos breves e puntuais, con algunhas excepcións que anotaremos, que non obedecen, pois, a consistentes formulacións, organizadas con suficiente sistematicidade en relación con toda a articulación dun sistema educativo observado dende un enfoque político ou cultural global. Case sempre estamos ante notas que reflicten un estado crítico e algúns desexos formulados dende sensibilidades galeguistas.

En 1915, Aurelio Ribalta, na súa condición de director de *Estudios Gallegos*, convértese en adañal da galeguización escolar: nas páxinas desta publicación aparecerá unha decena de pequenos artigos favorables á presenza do galego nas escolas, parcialmente escritos por mestres que en varios casos relatan as súas experiencias de introdución do galego. E a partir da constitución das Irmandades irá en aumento a reclamación da galeguización escolar e mesmo se mostrarán proclives a isto varios inspectores de educación: desde Couceiro

²¹ Escríbín neste senso en Costa Rico, A. (2010): “O Seminario de Estudos Galegos: laboratorio dun plan pedagóxico para Galicia”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 14, pp. 27-49.

²² Véxanse, en particular, as pp. 338-357. Volvemos sobre a cuestión en Costa Rico, A., “El libro escolar en gallego”, in Escolano Benito, A. (Dir.), *Historia ilustrada del Libro Escolar en España. Del Antiguo Régimen a la IIª República*, Fundación G. Sánchez Ruipérez, Madrid, 1997, pp. 579-598.

²³ Gabriel Fernández, N. de, “Lengua y escuela en Galicia”, in Escolano, A. (Dir.), *Leer y escribir en España. Doscientos años de alfabetización*, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, Madrid, 1992, pp. 165-185.

²⁴ Rivas Barrós, S.A, *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagóxico*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo. 2001, e Rivas Barrós, S., *O ideario educativo do galeguismo. Escolma de textos e fontes bibliográficas*. E. do Castro, Sada, 2002.

Freijomil²⁵ ata Roxelio Pérez González²⁶: “O ensino, pr’a que seña eficaz e perdurabel, debe cimentarse n’isto”.

Cun algo máis de sistematicidade expresarase Johan V. Viqueira²⁷. Os varios textos nos que aborda a problemática educativa en Galicia refúndense en dous: “Nosos problemas educativos” (*A Nosa Terra*, 1918) e “Pensamentos pr’a unha Universidade Galega” (*A Nosa Terra*, 1921); o primeiro deles foi unha conferencia pronunciada por Viqueira a petición das Irmandades e os dous textos compoñen o máis avanzado, lúcido e articulado “discurso” educativo do nacionalismo durante o primeiro terzo do século XX, aínda que, con todo, eran textos modestos, dados os seus niveis xenéricos de elaboración se os comparamos con outros de intencionalidade similar e de aspiración alternativa elaborados naqueles momentos²⁸, aínda que por outros sectores de pensamento e ideolóxicos. Nos dous textos destacan tres cuestións:

- a) A crítica ao sistema ao sistema educativo imperante en Galicia naqueles momentos.
- b) Un a modo de programa político e proxecto pedagóxico: “A nova educación galega”.
- c) O deseño, a ordenación e os instrumentos da “nova escola galega”.

Entre as críticas refire Viqueira a impartición dun saber escindido da contorna galega, o verbalismo e o memorismo, a moi limitada e inadecuada formación do profesorado, a carencia dun ensino técnico, a inadecuación dos estudos secundarios, a non galeguización cultural dos ensinos universitarios e a oposición á presenza do galego no ensino en Galicia.

Por contra, a “nova educación galega” precisaría a existencia de descentralización política en España e a existencia dun Estado rexional galego. Desde aquí habería que por en marcha unha educación, esencialmente idealista, activa, “para formar individuos fortes, persoais,

²⁵ Couceiro Freijomil (1918): “Los idiomas regionales en las escuelas”, *El Noticiero Gallego*, 25.II.

²⁶ Roxerius (pseud. Pérez González, R.) (1929): “O problema da escola na Galiza”, *El Pueblo Gallego*, 25. VII.

²⁷ Sobre as posicións psico-pedagóxicas de Viqueira *vid.* Costa Rico, A.(1996): “ X.V. Viqueira: un profesor formador /un reformador da educación”, in Costa Rico, *A reforma da educación (1906-1936). X. V. Viqueira e a historia da psicopedagogía en Galicia*. Sada: O Castro, pp. 63-101; e Costa Rico, A. (2008) “*A Psicología Pedagógica de X. V. Viqueira (1919) no contexto do desenvolvemento de psicología internacional*”, *Revista Galego-Portuguesa de Psicología e Educación*, vol. 16, pp. 7-30.

²⁸ É o caso da proposta programática socialista (PSOE) formulada en 1918, unha simbiose do rexeneracionismo institucionista e do pensamento socialista: propoñíase unha educación con protagonismo do sector público, ao servizo dunha cidadanía de homes e mulleres, para o contexto dunha sociedade democrática; con separación entre a Igrexa e o Estado, como principio implícito na reclamación dunha educación “neutra”; unha educación para todos, que non discriminara por motivo económico e/ou social, cuns modos de proceder didáctico orientados polo que era o movemento internacional da Escola Nova, que propoñía o “activismo didáctico”, e unha certa aínda que imprecisa “educación politécnica”. O documento titúlase *Bases para un programa de Instrucción Pública, que presenta “La Escuela Nueva” de Nuñez de Arenas, al XI Congreso del PSOE*, de 1918, tendo sido redactado polo destacado pedagogo e ideólogo Lorenzo Luzuriaga, figura entre nós estudiada por Herminio Barreiro.

capaces de iniciativa”, mediante a creación dunha escola galega, con presenza e uso da lingua galega para o logro de persoas bilingües: “unha escola que axude a facer xermolar canto hai de bo na raza dos galegos, como unha parte da humanidade”. Unha escola con métodos activos e traballos prácticos, con adecuada preparación do profesorado –o que incluíría o dominio oral e escrito do galego–, “aristocracia do país e conselleiros da xente do común”; unha escola que debería ser o centro cultural dos campos e das pequenas vilas.

Sería preciso modernizar os estudos de bacharelato para darlle continuidade a estes estudos mediante un exame único e final (como era o máis habitual en Europa), unha reforma que lles dera cohesión en contra da división ciencias-letras, co estudo das linguas modernas e tamén do galego. Sería preciso crear cadeiras de lingua e literatura galega nas Escolas Normais e crear modernas Escolas secundarias e superiores tamén para o ensino da muller, crear a Escola Técnica de Galicia para a formación de técnicos elementais e superiores tendo en conta as necesidades económicas reais de Galicia, con profesorado técnico e ben formado, ademais de poñer en pe unha grande, completa e moderna universidade en Compostela: “Compostela pode ser aínda o santuario da alma galega”. Cumpriría reorganizar o plano das facultades e estudos universitarios (dereito, medicina, farmacia, matemáticas, física, química, ciencias da natureza e filoloxía) e facer nacer a de Filosofía, como un centro integrado de ciencias e letras (con laboratorios, bibliotecas e traballos prácticos), como en Francia e en Alemaña, encargada de formar ao profesorado de educación secundaria e universitaria, incluíndo a formación pedagóxica, podendo procederse inicialmente á creación dun Instituto científico galego, logo transformado na Facultade de Filosofía.

Cumpre salientar que Viqueira non apunta, alén do dito, medidas específicas en relación coa organización material e o currículo da escola primaria e da secundaria. Destaca a importancia da educación social da muller, para o que propoñía a creación de modernas escolas secundarias e superiores, seguindo un camiño análogo ao da “Residencia de Señoritas” e outras institucións creadas en diversas cidades. Ao tempo reclamaba a necesidade de establecer intensas relacións universitarias internacionais, favorecer as viaxes de estudo e o intercambio docente e referíase a necesidade de crear organismos científicos e docentes adecuados para o estudo dos problemas educativos de Galicia e para asegurar a posta en marcha das reformas educativas.

Pola súa parte, a Asemblea Nazionalista das Irmandades celebrada en 1918, onde se aproba o manifesto fundacional do nacionalismo galego, aprobaba como proposta a “cooficialidade dos idiomas galego e o castelán, e o ensino do galego nas escolas” e situaba como unha das facultades (ou competencias) do Poder Galego: “A potestade docente do Estado actual pasará enteira ó Poder Galego”.

Outro texto que cumpre salientar é o “Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas” de 1921, escrito por V. Risco²⁹. No conxunto das reivindicacións está tamén presente o

²⁹ Referímonos ao *Plan* que foi publicado nos números 6 e 7 de 1921 da Revista *Nós* e actualizado mediante o “Informe do Irmán Risco”, publicado en *A Nosa Terra*, nºs 333-334 (1934), pp. 3 e 1, respectivamente: un “Informe programa para a creación en Ourense dunha Escola Galega, rexentada polo Grupo Galeguista, só o impulso da Sociedade “Unión Provincial Orensana”, entidade de emigrados galegos residentes en Bos Aires.

tratamento a dar á escola rural; a miúdo, demandarase unha escola rural cun programa específico, parcialmente distinto do das urbanas, isto é, adaptado ás necesidades da economía campesiña, sen chegar a formular como sería a súa conexión co resto do sistema educativo. En termos similares aos expresados por Peña Novo en 1924:

“Hay que crear la escuela rural que aún no existe, en la que al mismo tiempo que las primeras letras, se enseñen nociones de agricultura, de zootecnia, de economía, de geografía gallega, etc; (...) hay una labor que puede realizarse ya: las escuelas de emigrados; las sociedades agrarias deben recabar de las sociedades de emigrados la dirección pedagógica de esas escuelas para transformarlas y hacer de ellas un vivero de buenos gallegos y buenos agricultores”³⁰.

Rexístrase algunha maior concreción nas medidas de reforma educativa por parte do Congreso de “Estudios Gallegos”³¹, aínda que hai nel menor decisión na demanda dun Poder político propio, o que é substituído por unha formulación máis suave: “Establecimiento de la región, con organismo regional, hacienda propia y autonomía integral”. Demándase a creación en Galicia de distintos estudos: cátedra de lingua e literatura galaico-portuguesa, establecemento dunha estación de bioloxía marina con capacidade docente, estudos de minería, turismo, hidroxénio médica e ensinanzas técnicas náutico-pesqueiras, así como tamén a creación de “Escolas de Emigrantes” (*sic*), locais-escolas con adecuadas condicións hixiénico-sanitarias, e unha aula de educación especial en todos os colexios graduados de todas as “ciudades importantes de Galicia”.

Alén da demanda da implantación do ensino graduado, tamén hai neste Congreso unha referencia ás escolas rurais, “ás que se lles debe de dotar de campos de experimentación agrícola”, e que deberán establecer relacións coas urbanas “a través da correspondencia, entre uns e outros, o intercambio de produtos e as excursións recíprocas”. Hai, tamén, unha referencia ao uso do galego: “en Galicia -di a conclusión 10ª da Sección de Estudos

Estos dous documentos foron publicados recentemente baixo o coidado de José Fernández Fernández, en *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 13, 2009, p. 167 e ss. Por outra parte, o *Plan pedagógico* de Risco xa fora reproducido e editado por nós en 1980 (*O ensino en Galicia. Problemática e perspectiva*, pp. 51-61). O Plan obedeceu ao seguinte encargo: a IIª Asamblea Nazionalista celebrada en 1921 encárgalle a V. Risco que “redacte un plan pedagógico pr’as escolas rurais de Galicia” (ao tempo de acordar que o Directorio das Irmandades se dirixa as Sociedades Galegas de América para “orientalas no labor galeguista que deben facer nas escolas que sosteñen en Galicia”; máis alén do que podía ser feito como galeguización dunha escola concreta non hai no *Plan* ningún outro planteamento que aborde os problemas educativos e as propostas de resolución e orientación para o conxunto do sistema educativo en Galicia.

³⁰ Peña Novo, L. (1924) “Enseñanza agrícola”, *El Pueblo Gallego*, 17.VI.

³¹ Instituto de Estudios Gallegos, *Iº Congreso de Estudios Gallegos. La Coruña. Conclusiones aprobadas*, Imp. La Artística, La Coruña, 1919.

Pedagóxicos- debe emplearse la lengua regional en los comienzos de la vida escolar, sin que esto suponga ni por un instante olvido y exclusión del idioma nacional, en que debe darse toda la enseñanza”.

Pola súa parte, María Barbeito achegábase en 1931 ao exame da cuestión do uso do galego no ensino mediante esta sintética expresión:

“(…) No puede renunciarse tampoco a un elemento de cultura y a una riqueza espiritual, como la que supone una lengua propia (…)”, proponiendo por iso as seguintes medidas:

- 1ª. Empleo de la lengua materna entre maestro y discípulos en todo momento en que fuese necesario mayor acercamiento espiritual entre ambos (...).
- 2ª. Dedicar un día a la semana para la lectura, escritura y conversación en la lengua vernácula para todos los alumnos, sin distinción.
- 3ª. Lecturas y recitaciones, ese mismo día, de nuestros poetas y prosistas más destacados.
- 4ª. Obligación para todo maestro que ejerza en Galicia y no hubiese nacido o vivido largamente en ella, de asistir posteriormente a su nombramiento a un curso breve, de un mes por ejemplo, que se diese periódica y frecuentemente en cada capital de provincia para orientar en estas cuestiones e iniciar en el conocimiento del idioma regional (...).
- 5ª. Estos cursos, y una cátedra de gallego para los maestros que hayan de formarse en lo sucesivo, deberían establecerse en las Escuelas Normales”³².

Con estes antecedentes, poderíamos trazar as liñas básicas caracterizadoras do pensamento pedagóxico e escolar galeguista:

- Unha nova filosofía escolar en sintonía coa atmosfera cultural de Galicia.
- A proposta da galeguización lingüística e curricular do ensino.
- A defensa de necesarios instrumentos político-administrativos específicos para levar a cabo dito programa.
- Unha orientación diferencial na formación do profesorado.
- A esixencia dunha formación técnica e profesional acorde coas realidades produtivas propias de Galicia.
- A autonomía universitaria e a súa posta ao servizo do desenvolvemento cultural integral de Galicia.

No cabo dos anos vinte, logo de quince anos de formulacións e de iniciativas semellaría que o panorama era máis positivo. Así o declaraba Risco: “Hai hoxe en Galiza unha conciencia galega como non había en 1916;...a honra correspóndelle ás Irmandades da Fala”³³, e de modo similar expresaba Fernández del Riego, en 1931 no seu *Índice cultural e artístico do renacemento galego*: “Hoxe xa se pode falar dun movemento escolar galeguista”.

Realizacións

³² Barbeito y Cerviño, Mª. (1931): El bilingüismo en la escuela gallega”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 229, pp. 172-174.

³³ Risco, V., *O problema político de Galicia*, op. cit., p. 145.

Das palabras aos feitos, como se adoita dicir. Estes foron poucos e de limitado alcance, pero existiron e foron significativos. Para galeguizar mellor era pertinente dispoñer de gramáticas galegas e así a Irmandade da Coruña, en 1919 preparou un *Compendio de gramática galega*; víñanse publicando pequenas antoloxías de literatura popular, desde 1910, no *Boletín de la Real Academia Gallega*, que logo se estenderon a *A Nosa Terra* e a *Nós*; Ramón Cabanillas desde Madrid impulsaba a edición en 1922 da “folla prós rapaces galegos” *As Roladas*, tinxidas de visión conservadora e paternalista e con só dous números editados; xusto un pouco antes de que Ánxel Casal promovera na Coruña a Escola do Insiño Galego, cabeceira dun ensaio que, sen embargo, non foi máis adiante do propio esforzo e posibilidades de Casal coa escola sostida entre os cursos 1923-24 e 1929-30³⁴. En la Habana Ramón Marcote editaba en 1925 o *Compendio de Historia de Galicia*, un libro de texto de orientación tradicional; pola súa parte, Villar Ponte daba a lume o seu manual *Historia sintética de Galicia* (Nós, 1927) e o profesor da escola de maxisterio de Santiago Crespo Rodríguez o seu *Compendio de Historia de Galicia* (1928). Habendo algún libro de posible uso escolar galeguizador era preciso que fosen coñecidos; por iso, Ramón Cabanillas promoveu desde Bos Aires a “Suscripción pro Libro Escolar Gallego”³⁵, para mercar e repartir libros galegos nas escolas de Galicia, en particular naquelas que máis o puideran necesitar, como as ligadas á “Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales”, que en 1925 tomara o acordo de que nas escolas das Sociedades federadas se incorporase o ensino da historia de Galicia e da lingua galega.

Como outra forma de intervención, con modestia nacía o capítulo dunha literatura en galego editada para nenos: abría o conto de fadas *Margarida a da sorriso d’aurora* (Nós, 1927) de Evaristo Correa Calderón³⁶; Filguería Valverde editaba *Os nenos* (1925), coa apelación aos nenos irlandeses vítimas do colonialismo inglés; Camilo Díaz Baliño escribía o *Conto de Guerra* (A Coruña: Nós, 1928) para os alumnos da Escola do Insiño Galego e Bernardino

³⁴ Rivas Barrós, S.(1996): “Escola do Insiño Galego”, *Revista Galega de Educación*, nº 25. Vid. *A Nosa Terra*,15.VIII.1923.

³⁵ *Céltiga*, nº 45, de 10.XI.1926.

³⁶ Pardo de Neyra, X. (2002): *Evaristo Correa Calderón na literatura galega contemporánea. Vanguardismo e galeguismo*. Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, serie dixital “Teses de Doutoramento”. Pardo de Neyra, X. (2013): *Margarida, a da sorriso d’aurora, de Evaristo Correa Calderón, o primeiro conto infantil galego*. Baiona: dos Acordes. Pardo de Neyra, X. (2006): *As orixes da literatura infantil galega (1918-1936): unha nova forma de entender a literatura*. Santiago: Servizo de Publicacións da USC.

Varela do Campo impulsaba o proxecto “Contos pra nenos”, de xeral liña costumista³⁷. E, por fin, estaba a propia actuación docente, na que destacaron neste tempo, entre outros, Gerardo Álvarez Limeses, María Barbeito, Francisco Vales Villamarín³⁸, Viqueira, Salgado Toimil, Manuel García Barros, Otero Pedrayo, Victoriano Taibo, Alonso Ríos, José Toba, Gustavo Díaz Sánchez, Ernestina Otero³⁹, Otero Espasandín, Castiñeiras Díaz, Nuñez Bua, Rafael Fernández Casas ou José Pérez Yañez, mestre da escola de Cariño felicitado desde *A Nosa Terra* (30.IV.1921) pola súa defensa da lingua galega, con ocasión da Festa da Árbore na localidade.

Nestes casos e en distinta medida as reivindicacións galeguistas unidas aos diversos ensaios de práctica docente galeguizadora traían canda sí perspectivas teóricas e pedagóxicas aínda pouco afirmadas que procedían de lecturas reflexivas do *Boletín da Institución Libre de Enseñanza* e sobre todo da *Revista de Pedagogía* iniciada en 1922 polo pedagogo Lorenzo Luzuriaga, unha revista que á altura de 1930 tiña unha parte ben notable dos seus lectores entre o profesorado galego; as dúas canles máis efectivas para a incipiente penetración das perspectivas didácticas da Escola Nova, as que con máis fortaleza se deixarían sentir nos anos trinta.

Outros mestres e mestras das que non gardamos memoria dos seus nomes probablemente fixeron tamén este labor galeguizador, baixo o impulso das Irmandades. Isto é, polo menos, o que nos suxire co seu recordo persoal o Pai Seixas, de feliz recordación: “Sempre me recordo tamén de que nas escolas onde el estaba –referíase ao sei pai mestre– remataba as clases cantando o himno galego; eu, o himno galego seino desde ben pequeniño”⁴⁰. Temos recollido algúns testemuños parecidos.

Falamos de impulsos que se irían afirmando durante os anos da II República. Magoa foi o que logo ocorreu da man do franquismo e dos sectores militares, eclesiásticos e civís que o avalaron. Outra historia.

³⁷ Roig Rechou, B.-A. (2004): “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación”, en *Boletín Galego de Literatura*, nº 32, pp. 148-9 e Roig Rechou, B.-A. (1996): “A literatura infantil e xuvenil en galego dende 1900 a 1950”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 15-16, pp. 77-105.

³⁸ Vales Via, J. D. (2012): *No regazo da noite estrelecida. Biografía apasionada de Francisco Vales Villamarín*. Betanzos: Briga.

³⁹ Puga, M. (1992): *Ernestina Otero Sestelo, pedagoga*. Sada: Edicións do Castro.

⁴⁰ Información dada polo xesuíta Xaime Seixas, nado en 1915 en Santiago de Compostela e que viviu de neno na Coruña. Vid. Xurxo, S. G. (1985): *Conversas do Pai Xaime Seixas con Silvestre G. Xurxo*. Vigo: Sept, p. 12.